



DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL
DELEGACIÓN DE PASTORAL XUVENIL E VOCACIONAL
Domus Ecclesiae - Miramar, s/n - 15401 Ferrol
981 353 295 - 981 353 200 - 982 521 006

Foz, abril 2020.

Benqueridos/as amigos/as:

Feliz Pascua, chea de vida e de esperanza! Esperamos que vos atopedes ben ao recibo deste correo, enchendo de entusiasmo esta situación que nos toca vivir.

O motivo desta comunicación é o de recordaros que este domingo, día 03, celebramos a **Xornada Mundial de oración polas vocacións**. É certo que, nesta ocasión, vai ser unha celebración distinta polo momento que vivimos, pero como o que se nos invita é a orar, iso si que o podemos facer sen problema, alí onde esteamos cada un.

Propoñémosvos facer unha **Cadea de oración**, o domingo día 03, desde as **09 h ata as 21 h**, en turnos de media hora cada un, invitando a participar nesa pregaria ás nosas comunidades relixiosas, sacerdotes, familias, xoves, e a calquera persoa coa que poidamos contactar e invitar a orar con este motivo. Pregámosvos que nos comuniquedes o horario que pensades facer, para que así poidamos artellar que non queda ningún espazo sen oración.

Adxuntamos diversos materiais, algúns son preparados pola Conferencia Episcopal; outros, materiais vocacionais diversos. Recordade que estes son só unha axuda; cada un pode orar como mellor queira.

O lema deste ano é **Xesús vive e quérete vivo**, e o obxectivo desta xornada é que oremos para que cada persoa descubra a qué é chamado polo Señor, e entregue a súa vida pola causa do Evanxeo, na vocación descuberta. Todos somos chamados ao seguimento en múltiples camiños, todos necesarios e todos complementarios.

Esperando a vosa acollida e resposta, unidos na pregaria e no sentimento de comunidade, recibide un cordial saúdo.

Delegación Pastoral Vocacional



DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL
DELEGACIÓN DE PASTORAL XUVENIL E VOCACIONAL
Domus Ecclesiae - Miramar, s/n - 15401 Ferrol
981 353 295 - 981 353 200 - 982 521 006